

## EXPRESIÓNS LATINAS (1ª AVALIACIÓN)

Nestes apuntamentos explícase o significado de 50 expresións latinas.

En primeiro lugar dáse a tradución desas expresións. A veces segue unha explicación sobre o contexto no que se usan e, finalmente, apórtase unha oración (aquí indícase en cursiva). Se empregades latinismos, debesdes subliñarlos cando escribides á man ou poñelos en cursiva, se o facedes no ordenador.

1. **A posteriori**: literalmente “a partir do que vén despois”, é dicir, “con posterioridade”. En filosofía emprégase para referirse ao coñecemento que se adquire a través da experiencia (ex. *O coñecemento pode ser a posteriori, isto é, deriva da experiencia*). Na lingua xeral significa “con posterioridade a un feito ou a unha circunstancia determinados”: *A posteriori a maioría dos exames parecen doados*.
2. **A priori**: “a partir do que precede”. En filosofía úsase para referirse ao coñecemento que se adquire por un medio diferente á experiencia (ex. *O coñecemento pode ser a priori, isto é, non fundamenta a súa validez na experiencia*). Na lingua xeral significa “con anterioridade a un feito ou a unha circunstancia determinados”: *A priori non resultaba sospeitoso, pero resultou ser o culpable*.
3. **Ab aeterno**: “desde a eternidade”, “desde moi antigo”.  
*Segundo ás Sagradas Escrituras, Deus existe ab aeterno*.
4. **Ad kalendas graecas**: “para as calendas gregas”, é dicir, “para un momento que nunca vai chegar”. As calendas eran o primeiro día de cada mes no calendario romano, pero o calendario grego non tiñan calendas. Esta frase era xa proverbial para os propios romanos.  
*Aprazaron o referéndum ad kalendas graecas*.
5. **Ad hoc**: “para isto”, “a propósito”.  
*Creouse unha comisión ad hoc para solucionar ese problema*.

6. **Ad libitum**: “ao gusto”, “a vontade”, “libremente”.  
Úsase moito na linguaxe musical.  
*Nese fragmento da partitura pódese facer unha interpretación ad libitum*.



7. **Ad multos annos:** “por moitos anos”. Emprégase para expresar bos desexos e que algo sexa duradeiro.

*Véxote felizmente casada; que sexa ad multos annos.*

8. **Addenda et corrigenda:** “o que se debe engadir e corrixir”. Estas palabras son moi usadas na edición de libros. Pódese dar o caso de que a obra xa estea en imprenta e que o autor ou editor queira facer algún engadido ou descubra algún erro, de xeito que ao final do libro se engade unha *addenda et corrigenda*.

*Nas páxinas 320-322 pódese consultar a addenda et corrigenda desta obra.*

#### ADDENDA ET CORRIGENDA.

##### PAGE

- 115, line 3 from below, for *Ctenopodium* read *Chenopodium*.  
 159, line 19, for *native* read *Nature*.  
 160, line 4, and 163, line 9, for *Kaipara-te-hau* read *Ka-para-te-hau*.  
 162, line 3, for *Rongi* read *Rongo*.  
 227, line 6, for *Munipari* read *Munipuri*.  
 228, in the second table, after *sadikit* insert *kichi*.  
 229, line 16, for *the first ayo* read *aya*.  
 230, line 5, for *Khambi* read *Khamti*.  
 „ in the second table, under *tagata* insert *ola* (life).  
 „ „ „ „ „ *tangata* insert *oranga* (life).  
 „ „ „ „ „ *he kanaka* insert *ke-ola-ana* (life).  
 „ line 17, for *There is no* read *By conversion there is close*.  
 „ line 18, after word insert *man being life*.  
 „ line 22, after *Malay* insert and (by conversion) of *Samoan, Maori, and Hawaiian*.  
 231, line 19, for *Takha* read *Yakha*.  
 235, last line, for 235 read 252.  
 256, line 1, for 496 read 513.  
 240, in the fourth column, line 14, after *idup*, *Malay* insert *bula*, *Fijian*.  
 245, line 24, for *Ziphins* read *Epiodon*.  
 272, line 2 from below, and 273, line 1, for *Declava* read *Declana*.  
 281, line 15, for *Asteriseus* read *Asteriscus*.  
 282, line 19, for *Ophiarachna* read *Ophiorachna*.  
 291, line 7, for *Aphidæ* read *Cicadidæ*.  
 294, line 3, for *hairy* read *double*.  
 360, line 26, for *thysoid* read *thyrsoid*.

9. **Alea iacta est:** “botouse o dado”, é dicir, “a sorte está botada”. Supostamente Xulio César pronunciou esta frase cando regresaba das Galias, xusto no momento que ía cruzar o río Rubicón (fronteira natural entre Italia e a Galia Cisalpina) e avanzar co seu exército cara Roma en contra das ordes do Senado. Agora empregamos esta expresión cando tomamos unha decisión importante e arriscada da que xa non podemos volver atrás.

*O partido xa comezou; alea iacta est.*



10. **Alma mater:** “nai nutricia”. Emprégase para referirse metafóricamente á universidade, que nos nutre espiritualmente e no plano intelectual.  
*A Universidade de Santiago de Compostela é a alma mater de moitos galegos.*
11. **Ante meridiem (a.m.):** “antes do mediodía”. Esta expresión úsase de forma abreviada a.m. especialmente no mundo anglosaxón.  
*O avión chegou a Berlín ás 8 a.m.*
12. **Ave, Caesar, moritur te salutant:** “Salve, César, os que van a morrer saúdante”. Con estas palabras os gladiadores romanos dirixíanse ao emperador antes de comezar os combates.
13. **Bis:** “dúas veces”. Úsase nas partituras para indicar que algo debe repetirse. Un *bis* tamén pode ser unha peza que se ofrece nun concerto para responder aos aplausos e á petición do público.  
*O público aplaudiu con insitencia ata conseguir o esperado bis.*
14. **Bona fide:** “de boa fe”. Indica que algo se realiza sen maldade.  
*Actuar bona fide non sempre é sinónimo de actuar de forma ética e responsable.*
15. **Calamo corrente:** “correndo a pluma”, é dicir, escribir sen reflexionar previamente, escribir de forma improvisada.  
*Pode haber algún erro, pois fixen este escrito calamo corrente.*
16. **Carnes tolendas:** “deben suprimirse as carnes”. Fai referencia ao período xusto antes de Cuaresma, concretamente ao Entroido, cando non está permitido consumir carne. Actualmente tende a escribirse todo xunto:  
*O 4 de febrero comezarán todas as actividades programadas para Carnestolendas.*
17. **Carpe diem:** “aproveita o día”. Esta expresión está sacada dun poema das Odas de Horacio. A expresión dá nome a un tópico literario que invita a desfrutar do presente sen preocuparse do mañá, pois a vida é fugaz.  
*Non te preocupes tanto do futuro; carpe diem!*
18. **Casus belli:** “motivo de guerra”. Úsase para sinalar un feito militar ou político que pode desencadear un conflito armado entre varios países.  
*O ataque de Hamás a Israel é o casus belli dos enfrontamentos actuais entre Israel e Palestina.*

19. **Cave canem:** “coidado co can”. Esta advertencia atopábase nas casas romanas grabada sobre mosaicos e, a miúdo, acompañada da figura dun can.  
*A advertencia cave canem era moi frecuente nas domus romanas.*



20. **Cogito, ergo sum:** “penso, logo existo”. Estas palabras son o principio da filosofía de Descartes no seu *Discurso do método* (1637). Un ser humano pode negalo todo e poñer todo en dúbida, pero isto lévao á conclusión de que existe, porque pode realizar a acción de pensar.
21. **Conditio sine qua non:** “condición sen a cal non”, é dicir, “condición indispensable”. En Roma empregábase como un termo legal, pero hoxe en día xa ten un uso máis xeral. Refírese a unha acción, unha condición ou un elemento necesario, esencial e obrigatorio para que algo sexa posible ou funcione correctamente.  
*Aumentar o gasto na investigación é unha conditio sine qua non para seguir avanzando na loita contra o cancro.*  
*A constancia é unha conditio sine qua non para lograr o éxito en calquera deporte.*
22. **Contra naturam:** “contra a natureza” ou “en contra da natureza”.  
*A homosexualidade segue a ser considerada por parte da Igrexa como un comportamento contra naturam.*
23. **Corpore insepulto:** “co corpo sen sepultar”. Aplícase á misa celebrada coa presenza do defunto aínda sen inhumar.  
*Celebrouse a misa corpore insepulto.*
24. **Corpus delicti:** “o corpo do delito”. Refírese á unha proba de que un delito foi cometido.  
*O cadáver da vítima constitúe o corpus delicti do homicidio.*  
*A ausencia do corpus delicti dificultou a reconstrución dos feitos.*

25. **Cum laude:** “con alabanza”. É a máxima calificación que se pode obter nunha tese doutoral.


*Defendeu a súa tese doutoral e concedéronlle un sobresáinte cum laude.*

26. **Curriculum vitae:** “carreira da vida”. É un documento que contén os datos persoais e a información académica e profesional, e que entregamos nunha empresa cando estamos solicitando traballo.

*Entreguei o meu curriculum vitae en cinco empresas, pero aínda non me chamaron para ningunha entrevista de traballo.*

27. **Cursus honorum:** “carreira dos honores”. Era a sucesión de cargos políticos polos que pasaba un romano e que podía culminar co consulado.

*Cicerón, aunque era un homo novus, alcanzó la cima del cursus honorum.*



28. **De facto:** “de feito” (é o contrario de *de facto*). Emprégase para indicar unha situación, un goberno, un estado, unhas fronteiras... que non foron recoñecidas xuridicamente, pero si de feito. É dicir, úsase para aludir a situacións reais, aínda que non teñan un recoñecemento legal.

*A República Turca do Norte de Chipre é un goberno de facto.*



29. **De incognito:** “de maneira descoñecida”, “sen notoriedade”. Utilízase para indicar que unha persoa, xeralmente un famoso ou alguén distinguido, fai algo sen darse a coñecer ou intentando pasar totalmente desapercibido.

*Brad Pitt asistiu ao cine de incognito para ver a reacción do público.*

30. **De iure:** “de dereito”, é dicir, de acordo coa lei (é o contrario a *de facto*). Úsase para indicar que unha situación, un goberno, un estado, unhas fronteiras... foron recoñecidas xuridicamente por algún organismo ou institución.

*Francia é de iure un membro da Unión Europea.*

31. **Deo volente:** “querendo Deus”, “se Deus quere”.

*Vémonos mañá, Deo volente.*

32. **Doctor honoris causa:** “doctor por causa do honor”, “doctor honorífico”. Título concedido polas universidades a persoas eminentes en determinados ámbitos profesionais (no ámbito da cultura, das artes...).

*O cantante Alejandro Sanz foi declarado doctor honoris causa pola Universidade de Cádiz.*

33. **Do ut des:** “dou para que deas”. Esta expresión indica que hai intereses recíprocos cando se establece un pacto ou un contrato. O *do ut des* era un dos principios básicos da relixión romana, posto que os romanos lle entregaban ofrendas aos deuses coa intención de que estes lles concedesen algo bo a cambio (protección, saúde, fortuna...).

A relación entre as eléctricas e o Estado baséase nun do ut des, pois as empresas eléctricas comprométense a facer inversións a cambio de beneficios fiscais.

34. **Dura lex, sed lex:** “a lei é dura, pero é a lei”. Estas palabras recórdannos que, por moi dura que sexa unha lei ou unha norma, sempre hai que cumprila.

Os condenados non recibiron ben a decisión xudicial pero, como di o principio xurídico romano: dura lex, sed lex.

35. **Ecce homo!**: “velaquí o home!”. Palabras que pronunciou Poncio Pilato, gobernador romano de Xudea, cando presentou a Xesús de Nazaret como reo ante unha multitude hostil.



*Ecce Homo*, cadro de Tiziano (s. XV), Museo de Historia de Arte de Viena.

Na arte cristiá denomínase *ecce homo* a un tipo de representación de Xesús nas que aparece medio espido, atado e cunha cana a modo de cetro que os seus torturadores lle deron en sinal de burla, posto que el se presentaba como rei dos xudeos.



*Ecce Homo*, Juan de Juanes (s. XVI), Museo do Prado.

36. **Editio princeps:** “primeira edición”. Unha *editio princeps* é a primeira edición dun texto. Xeralmente úsase esta expresión para falar das primeiras edicións de textos



clásicos (gregos e romanos). Algunhas delas simplemente son froito de imprimir o contido dun manuscrito ou códice. Este termo úsase en crítica textual e normalmente de xeito abreviado: *ed. p.*

*Durante a elaboración da miña tese estudei as relacións da editio princeps das “Metamorfoses” de Ovidio con determinados manuscritos.*

37. **Errare humanum est:** “equivocarse é humano”. Errar e equivocarse forma parte da natureza dos humanos. É normal cometer erros e hai que aprender deles.

*Todos metemos a pata nalgún momento das nosas vidas, porque errare humanum est.*

38. **Et cetera:** “e as cousas restantes”, “e o resto”, “e o demais”. Esta expresión úsase ao final dunha enumeración, normalmente de xeito abreviado: *etc.*

*Hoxe no mercado vendíase roupa, froita, prantas, etc.*

39. **Ex aequo:** “desde a igualdade”. Úsase para facer referencia aos participantes que compiten por un premio e que o gañan coa mesma distinción e con igual mérito, é dicir, que acaban empatando.

*Na entrega de premios quedaron gañadoras dúas competidoras ex aequo.*



40. **Ex cathedra:** “desde a cátedra”, é dicir, desde unha cadeira que confire autoridade. No ámbito da igrexa utilízase cando o Papa fala sobre cuestións teolóxicas e éticas, e que non poden ser rebatidas. Coloquialmente emprégase cando alguén fala cun ton maxistral e decisivo (como falaba o mestre ou o xuíz que ocupaba a cadeira antes mencionada). Neste último caso, a miúdo ten un sentido negativo.

*O Papa falaba ex cathedra ao referirse ás implicacións éticas da clonación humana.*

*Non preciso a ningún que me dea responsos e me fale ex cathedra.*



41. **Ex iure:** “segundo o dereito”, “legalmente”.

*A relación paterno filial pode establecerse ex iure ao marxe da procreación.*

42. **Ex libris:** “de entre os libros”. Especie de etiqueta ou selo que se estampa preferentemente no reverso da tapa dos libros para deixar constancia do nome do dono ou da biblioteca a que pertencen.

*Como sempre presto libros e moitas veces non mos devolven, encarguei un ex libris para marcalos todos.*



43. **Ex professo:** “a propósito”, “deliberadamente”. *Os disfraces foron realizados ex profeso para esta festa temática.*

44. **Exempli gratia:** “por exemplo”. Esta expresión frecuentemente úsase coa abreviatura e.g. e con fins didácticos, para introducir un exemplo.

*No meu concello hai moitas actividades culturais (e.g., clube de lectura, representacións teatrais, concertos...).*

45. **Extra muros:** “fóra das murallas”.

*Na antiga Micenas as tumbas eran construcións extra muros.*

46. **Facta, non verba:** “feitos, non palabras”.

*As palabras lévaas o vento; quero facta, non verba.*

47. **Fiat lux:** “fágase a luz”. Estas palabras pertence ao Xénese, ao momento no que Deus estaba acabando de crear o mundo.

48. **Gratis et amore:** “sen cobrar e por amor”, é dicir, de xeito desinteresado.

*Colabora cunha ONG gratis et amore.*

49. **Grosso modo:** “a grandes rasgos”, “sen moita exactitude”. Estas palabras nunca poden ir precedidas da preposición “a”.

*Explicareivos grosso modo o que vamos facer mañá na aula.*

50. **Habeas corpus:** “que teñas corpo”. Con estas palabras désígnase un principio do xustiza polo que calquera cidadán, que sexa detido, ten dereito a comparecer ante un xuíz para que este resolva se o arresto foi legal ou non e, por tanto, se debe manterse ou se hai que proceder á liberación.

*Os seus avogados solicitaron o habeas corpus, pero segue no calabozo.*